

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. VIRXE DA PENA DE SELA

CURSO: 6º

MATERIA: Ciencia da Natureza.

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Actividades de repaso, reforzo e recuperación.	
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc). CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global. CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reino animal.</li> <li>- Reino das plantas.</li> <li>- Reino dos fungos.</li> <li>- Outros reinos.</li> </ul> CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
Nova Materia.	
B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.	CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química. CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	CNB4.4.1. Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación será global e continua, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunta das áreas.</p> <p>A avaliación dos contidos traballados durante o terceiro trimestre realizarase a través das tarefas enviadas ao alumnado por distintos medios, prestando especial atención ao esforzo, á participación e á entrega dos traballos plantexados.</p> <p>Estas tarefas incluírán actividades de repaso, reforzo, recuperación das aprendizaxes do 1º e 2º trimestres e ampliación de contidos importantes non abordados durante as primeiras avaliacións.</p>
	<p>Instrumentos: Análise e corrección das actividades enviadas a través de imaxes por distintos medios, ademais de distintas actividades gamificadas a través de plataformas educativas (idoceo, kahoot...).</p> <p>Observación e valoración diaria da participación e traballo desenvolvido.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a obtención da cualificación final da terceira avaliación teranse en conta as cualificación acadadas na primeira e segunda avaliacións, tendo a posibilidade de mellorar esas cualificacións co traballo e esforzo realizado ao longo do trimestre.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se realizarán para este 3º trimestre estarán dedicadas ao repaso dos aspectos máis importantes dos anteriores trimestres. Tamén faremos actividades de ampliación sobre contidos relevantes non traballados.</p> <p>Sempre que sexa posible recorreremos a actividades integrais centradas no traballo das competencias clave, actividades con carácter de investigación e de razoamento dos contidos traballados.</p> <p>Tamén utilizaremos exercicios do libro de texto e o anexo de traballo por competencias do mesmo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todo o noso alumnado conta con conectividade a Internet, e será a nosa principal vía de comunicación.</p> <p>Ao comezo de cada día colgaremos na plataforma educativa as tarefas correspondentes e o alumnado deberá entregar no prazo indicado, normalmente co envío dunha fotografía do traballo realizado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Para o desenvolvemento deste trimestre utilizaremos a plataforma educativa EDMODO para achegar as tarefas ao alumnado e comunicarnos con el. Tamén utilizaremos sistemas de comunicación por mensaxes coma whatsapp, email...</p> <p>Realizamos unha videoconferencia semanal co alumnado para explicar o traballo da semana, explicar algúns contidos e resolver posibles dúbidas. A maior parte das tarefas realizaranas na libreta correspondente do curso, nalgúns casos a través de procesadores de texto, e incluso coa gravación de vídeos.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ás familias a través dos blogs do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.